



**NOTA DE PRENSA DO COETFG**  
**Santiago de Compostela, a 31/01/2019**

---

**O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS  
FORESTAIS DE GALICIA SÚMASE A REIVINDICACIÓN DOS  
ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DA CONSELLERÍA DO  
MEDIO RURAL**

O pasado 28 de maio, congregáronse ante o Parlamento galego, Enxeñeiros Técnicos Forestais da Consellería do Medio Rural, para esixir, entre outros puntos, a apertura da mesa de negociación que mellore as condicións laborais deste persoal e se aumente o número de prazas nesta categoría.

Dende o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia queremos facer público o noso apoio e respaldo aos Enxeñeiros Técnicos Forestais, ademais de reivindicar a ampliación de postos de traballo para Enxeñeiros Técnicos Forestais nas distintas Administracións públicas.